

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 18 DE NOVEMBRO DE 2016

LICENZAS FAVORABLES.-

LIC/224/2016.- CAROLINA CASTRO MARIÑA.- Conceder licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Pedrido nº 42 E –Santa María de Vilvestro.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Pedrido, nº 42 E-Santa María de Vilvestro. LIC/224/2016. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á execución da sentenza 00472/2012 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo no P.O. 618/2008 recoñecendo o dereito ao cobro de xuros aos propietarios expropiados no proxecto de expropiación da Casa do Cabido. Apróbase a proposta.

4.- Proposta da alcaldía relativa á devolución da fianza constituída por unha empresa para responder do contrato de subministro e montaxe de luminarias con equipo de iluminación a base de leds para aforro enerxético en instalacións de alumeadado público municipal, rúa Alfredo Brañas. Apróbase a proposta.

5.- Proposta da alcaldía relativa á aceptación da subvención e aprobación do texto do convenio entre os concellos de Santiago de Compostela, A Coruña, Madrid e Zaragoza, e a entidade pública empresarial Red.es para o desenvolvemento do programa de cidades intelixentes da Axencia Dixital para España. Acórdase aceptar a subvención concedida polo Ministerio de Economía e Competitividade para o desenvolvemento do proxecto “Plataforma de Goberno Aberto, Colaborativa e Interoperable”, en colaboración cos concellos de A Coruña, Madrid e Zaragoza. A achega será dun total de 2.090.461,80 euros, dos que a Santiago lle corresponden 300.000 euros. O Concello terá que facer unha achega de 199.999.80 euros, repartidos nos exercicios de 2016 e 2018. Ao tempo, apróbase o texto do convenio entre a entidade pública empresarial Red.es e os concellos da Coruña, Madrid, Santiago e Zaragoza para o desenvolvemento do programa de cidades intelixentes da Axenda Dixital para España.

6.- Proposta da alcaldía dando conta da subvención outorgada pola EGAP para o financiamento do Plan de formación continua 2016, e relativa á súa modificación. Dase conta da subvención outorgada pola EGAP, por un total de 5.629 euros. O Plan de Formación Continua terá un custo total de 70.356,51 euros.

7.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación da conta xustificativa da execución do convenio de colaboración cultural entre o concello de Santiago de Compostela e a consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Apróbase a conta xustificativa da execución do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Santiago para a realización do Womex 2016.

8.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, e nas taxas por saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores e servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.

68.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde dando conta da corrección de erro material no punto 34 da sesión de 5.8.16, de modificación do contrato de servizo de axuda no fogar. Dase conta.

69.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago de Compostela e a USC para o programa de formación, difusión e promoción do voluntariado, a cooperación e a participación social na comunidade universitaria. Apróbase o convenio, que supón unha achega por parte do Concello de 10.000 euros.

70.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á prórroga do contrato do "Servizo de conservación e mantemento do Parque de Brandía no Concello de Santiago de Compostela reservado a Centros Especiais de Emprego (D.A. 5ª TRLCSP)". Acórdase a prórroga do contrato coa empresa ASPAS Emprego SL, polo prazo dun ano a contar desde o 20 de novembro de 2016 ata o 19 de novembro de 2017. O importe será de 7.044,89 euros na anualidade de 2016 e de 56.359,11 euros na anualidade de 2017.

71.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa ao reaxuste das anualidades do contrato de prestación de servizos de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e do túnel do Hórreo. Apróbase o reaxuste de anualidades do contrato, que quedan fixadas en 448.754,17 euros en 2016; 512-861,91 euros en 2017, e 64.107,74 euros en 2018.

72.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á reanualización do contrato de servizos para a execución de conservación, reparacións e pequena reforma de diversos edificios e instalacións dependentes do concello de Santiago. Apróbase a reanualización do contrato, que queda fixado en 40.000 euros en 2016; e 590.800,01 euros en 2017.

73.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación do programa municipal de conciliación de Nadal 2016. Apróbase a memoria do Programa municipal de conciliación de Nadal, que terá lugar os días 22, 23, 26, 27, 28, 29,e 30 de decembro de 2016; e 2,3,4 e 5 de decembro de 2017 nas instalacións do CEIP das Fontiñas e CEIP Raíña Fabiola,. O custo será de 15.402,50 euros.

74.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía dando conta da sinatura do convenio para o financiamento do Bacharelato Internacional do IES Rosalía Castro 2016. Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega por parte do Concello de 6.208 euros.

75.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía dando conta da sinatura do convenio coa USC para a realización dunha unidade didáctica e itinerario sobre a II República en Compostela. Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega por parte do Concello de 4.000 euros.

76.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes dando conta da sinatura do convenio entre o concello e o Club Sociedade Deportiva Compostela para 2016. Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega por parte do Concello de 65.000 euros.

77.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a Federación Galega de Atletismo para a 3ª edición da proba atlética MEDIASAN DO CAMIÑO. Apróbase a sinatura do convenio, que supón unha achega por parte do Concello de 10.000 euros

78.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á xustificación do 1º prazo do convenio nominativo entre o Concello de Santiago e o CLUB CICLISTA COMPOSTELANO 2016. Apróbase a xustificación presentada polo Club Ciclista Compostelano para a subvención concedida de ata 10.000 euros, do primeiro prazo conveniado.

79.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para un proxecto de

actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2016. Acórdase a aprobación do convenio que supón unha achega do Concello de 15.000 euros

80.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o OBRADOIRO DE CULTURA TRADICIONAL ULTREIA. Apróbase o convenio, que supón unha achega do Concello de 3.500 euros.

81.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA COLEXIATA DE SAR. Apróbase o convenio, que supón unha achega do Concello de 3.500 euros.

82.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á xustificación do convenio nominativo entre o Concello de Santiago e a ASOCIACIÓN CULTURAL CIDADE VELLA. Apróbase a xustificación e o pagamento da subvención nominativa á Asociación Cultural Cidade Vella por un importe de 20.000 euros, correspondendo neste momento o abono de 14.175 euros (os 5.825 euros restantes xa foron abonados no momento da sinatura do convenio)

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á convocatoria de residencias de creación e estadias técnicas para proxectos de artes escénicas 2017 do Concello de Santiago. Apróbase a proposta.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Convivencia para dar conta da concesión de subvención da Consellería de Políticas Sociais para o investimento na mellora de infraestruturas e do equipamento das escolas infantís de Conxo e Fontiñas. Dase conta da concesión dunha subvención de 33.871,29 euros. Desa cantidade, 20.000 euros serán para obras menores e mellora do patio exterior da escola infantil das Fontiñas, e os 13.871,29 euros restantes dedicaranse á adquisición e mellora do equipamento das escolas municipais de Conxo e Fontiñas.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á adxudicación do contrato de rexeneración do pavimento da calzada do Eixo das rúas Estrada-Santas Mariñas-Picaños. Acórdase adxudicar o contrato a favor da empresa Asfalgal Técnica Viarias S.L, por un importe de 196.531,67 euros, IVE aparte de 41.271,67 euros.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de execución das obras do Proxecto de acondicionamento e posta en valor de fontes e lavadoiros da zona rural (Lobio, O Roxido, Santomil e Vilamaior). Adxudícase o contrato, incluído na 4ª fase do PAS, á empresa JSTOP Obras y Servicios SL, por un importe de 22.262 euros, IVE aparte de 4.675,02 euros.-

5.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa ás deficiencias na execución do contrato CON/1/2015 para a prestación do servizo de mantemento do alumeadado público. Acórdase iniciar un expediente contradictorio para depurar as posibles responsabilidades da empresa Ferrovial Servicios S.A. na súa calidade de xestora do contrato de "Prestación do servizo de mantemento do alumeadado público", ao considerar que a falta de posta a disposición da aplicación ON VIA no prazo comprometido pode considerarse un defecto na prestación constitutivo dunha infracción do prego de cláusulas administrativas, sancionable con multa de entre 3.005,06 e 9.015.18 euros. Acórdase poñer esta decisión en coñecemento da empresa, ofrecéndolle un prazo de 15 días hábiles para formular alegacións.

6.-Recoñecemento extraxudicial de crédito. Apróbase a proposta.